

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 17 DE AGOSTO DE 2020.**

**PRESIDENTE:**

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

**ASISTENTES:**

D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril  
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle  
D. Carlos Liñares Gestal  
D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra  
D. Abraham Seijas González  
D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez

**NON ASISTE:**

D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes

**INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro

**SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e oito minutos do día dezasete de agosto do ano dous mil vinte, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde-presidente, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D.<sup>a</sup> María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D. Carlos Liñares Gestal, D.<sup>a</sup> Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.<sup>a</sup> Yessica Méndez Sánchez.

Non asiste á sesión a Sra. concelleira D.<sup>a</sup> Marta María Figueroa Fuentes.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.<sup>a</sup> Vanesa García Barreiro.

Actúa como secretaria a Sra. secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

**1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2020.**

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día 10 de agosto de 2020, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes á sesión.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada o día 10 de agosto de 2020.

**2.- DACIÓNS DE CONTA.**

**2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.**

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

**Publicacións:**

- Resolución do 10 de agosto de 2020, do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital -Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira-, pola que se establecen as condicións financeiras aplicables ás operacións de préstamo entre a Administración Xeral do Estado e as Entidades Locais, segundo os termos previstos no Real Decreto-lei 27/2020, do 4 de agosto, de medidas financeiras, de carácter extraordinario e urxente, aplicables ás Entidades Locais. BOE núm. 216 do 11-08-2020.

- Resolución do 3 de agosto de 2020, da Axencia Instituto Enerxético de Galicia, pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxía fotovoltaica para o ano 2020-2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do Programa operativo Feder-Galicia 2014-2020, e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións (códigos de procedemento IN421Y e IN421S). DOG núm. 161 do 12-08-2020.
- Resolución do 3 de agosto de 2020, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza -Dirección Xeral de Emerxencias e Interior-, pola que se fan públicas as axudas concedidas ao abeiro da Orde do 20 de febreiro de 2020 (Diario Oficial de Galicia número 43, do 4 de marzo) pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións ás agrupacións de persoal voluntario de protección civil de concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupacións de concellos. DOG núm. 162 do 13-08-2020.
- Resolución do 5 de agosto de 2020, da Academia Galega de Seguridade Pública, pola que se convoca un curso selectivo de acceso á escala superior, categoría de superintendente, dos corpos da policía local. DOG núm. 163 do 14-08-2020.
- Orde do 15 de agosto de 2020, da Consellería de Sanidade, pola que se modifican determinadas medidas previstas no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a una nova normalidade. DOG núm. 164 do 15-08-2020.

C.I.F. P-1503100-H

## **2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.**

2.2.1.- A Sra. secretaria da lectura ao escrito da Sra. concelleira delegada da Área de Política Social e Promoción do Deporte, de data 14 de agosto de 2020, que transcrito literalmente di:

### **“DACIÓN DE CONTA DA CONCELLERÍA DE ÁREA DE POLÍTICA SOCIAL E PROMOCIÓN DO DEPORTE.**

Dase conta á **XUNTA DE GOBERNO LOCAL** do día **17/08/2020** das seguintes resolucións emitidas dende esta concellería :

<b>*SERVIZO DE PRESTACIÓNS MUNICIPAIS DE APOIO A AUTONOMÍA E ATENCIÓN Á DEPENDENCIA (PAAD) conforme ao Regulamento das prestacións municipais de apoio á autonomía e asistencia á dependencia (PAAD) publicado no BOP nº 204 de 25 de outubro de 2013.</b>				
<b>Data da resolución</b>	<b>Nº resolución</b>	<b>TEMA</b>	<b>Persoa beneficiaria</b>	<b>Intensidade</b>
30/07/2020	967	Ampliación no Servizo municipal de Axuda no fogar	***558***	5 horas á semana (agás festivos).
5/8/2020	987	Servizo de municipal de Teleasistencia Domiciliaria.	***641***	

**\*\*PRESTACIÓNS ECONÓMICAS MUNICIPAIS DE EMERXENCIA E INSERCIÓN SOCIAL (PEEIS) de acordo ao vixente Regulamento de acceso ás prestacións económicas municipais de emerxencia para a inserción social (PEEIS) publicado no BOP nº 242 de 20 de decembro de 2013**

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01DL</b>	<b>USG/2020/105</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6C5K 4T0F 322T 1L6V 021J</b>	

C.I.F. P-1503100-H

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Obxecto da axuda	Importe
31/07/2020	975	Conceder unha axuda económica.	***156***	pago de aluguer correspondente aos meses de abril (400€), maio (400€) e part de xuño (275€) de 2020.	1075€
31/07/2020	976	Conceder unha axuda económica.	***878***	O pago de aluguer correspondente aos meses de febreiro (350€), marzo (350€), abril (350€) e parte de maio (25€) de 2020.	1075€
31/07/2020	977	Conceder unha axuda económica.	***289***	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio a xullo de 2020 (350€/mes).	1050€
31/07/2020	978	Conceder unha axuda económica.	***289***	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio a xullo de 2020 (350€/mes).	1050€
06/08/2020	991	Conceder unha axuda económica.	***111***	Pago de aluguer correspondente aos meses de maio, xuño e xullo de 2020 (330€/mes) e o mes de agosto de 2020 (85,68€).	1075,68€
6/8/20	998	Conceder unha axuda económica.	***964***	Pago de hipoteca correspondente aos meses de xaneiro, febreiro, marzo e abril (232,98 €/mes) e 143,76€ do mes de maio de 2020.	1075,68€
6/8/20	999	Conceder unha axuda económica.	***078***	pago de aluguer, por importe de , correspondente 300€ dos meses de marzo, abril e maio, e 175,68€ do mes de xuño de 2020	1075,68€

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01DL</b>	<b>USG/2020/105</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6C5K 4T0F 322T 1L6V 021J</b>	

C.I.F. P-1503100-H

6/8/20	1000	Conceder unha axuda económica.	***293***	pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (380€), abril (380€) e maio(315,68€) de 2020.	1075,68€
6/8/20	1001	Conceder unha axuda económica.	***556***	Pago de aluguer, correspondente aos meses de marzo 2020 (4,13€) e abril e maio 2020 (400€/mes).	804,13€
6/8/20	1002	Conceder unha axuda económica.	***666***	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo (275€) e de abril a maio de 2020 (400€/mes).	1075€
6/8/20	1003	Conceder unha axuda económica.	***816***	Pago de aluguer correspondente aos meses de xaneiro (387€), febreiro (387€) e parte de marzo (301€) de 2020.	1075€
7/8/2020	1006	Autorización, disposición, recoñecemento, ordenación e pago.	***952***	Pago do recibo de aluguer correspondente os meses de maio e xuño,	674,25€
7/8/2020	1007	Conceder unha axuda económica.	***093***	Pago de aluguer correspondente aos meses de marzo, abril, maio e xuño de 2020 (230€/mes).	920€
7/8/2020	1008	Conceder unha axuda económica.	***905***	Pago de aluguer correspondente aos meses de novembro de 2019 (400€), e mes de febreiro (400€) e marzo de 2020 (275,68€).	1075,68€
7/8/2020	1009	Conceder unha axuda económica.	***472***	Pago de aluguer, correspondente a recibos do ano 2020.	1075€

Código do documento	Código do expediente
<b>USG14I01DL</b>	<b>USG/2020/105</b>
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
 <b>6C5K 4T0F 322T 1L6V 021J</b>	

				Pago de electricidade, correspondente recibos do ano 2020.  pago de gas, correspondente a recibos do ano 2020.  Bono de alimentos tipo B e bono de hixiene tipo A durante o ano 2020 e cunha entrega mensual.	
--	--	--	--	---	--

**\*TARXETA ESTACIONAMENTO conforme ao Real Decreto de 12 de decembro de 2014 polo que se regulan as condicións básicas de emisión y uso de de la tarjeta de estacionamiento para personas con discapacidad (BOE nº 309 de 23 de decembre de 2014)**

Data da resolución	Nº resolución	TEMA	Persoa beneficiaria	Vixencia
7/8/2020	1005	Conceder a tarxeta de estacionamento por razón de discapacidade con carácter PROVISIONAL	***751***	Ata o 06/07/2023

C.I.F. P-1503100-H

### **3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.**

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

### **4.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e corenta e seis minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace  
O alcalde  
(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)